

Examinado o informe proposta elaborado polo Servizo de Recursos Humanos con data 15/07/2022 e que literalmente transcrito di:

“Con data de 13/07/2022 a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi deste Concello adoptou unha resolución pola que se convoca para o día 21 de xullo, as 09:00 horas, a constitución do Tribunal e a avaliación da fase de concurso do proceso selectivo para a contratación de socorristas (Procedemento: TR351A: programa de fomento do emprego en colaboración coas EELL (expediente: TR351A 2022/000060-1)), así como a celebración das probas físicas para as 12.10 horas do mesmo día.

Por motivos de urxencia debe adiantarse dita data, do día 21 ao día 19, nas mesmas horas de celebración.

Polo exposto, propónse a concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- A constitución do Tribunal e a avaliación da fase de concurso terá lugar o vindeiro **martes** día **19** deste mes ás **09:00** horas na sala de reunións deste Concello.

Segundo.- As probas físicas terán lugar o mesmo día **19** ás **12.10** horas no complexo deportivo de Caranza, Polideportivo Javier Gómez Noya, sito na rúa Pardo Bazán, 60 desta cidade.

Terceiro.- Publicar esta resolución no taboleiro de edictos electrónico para xeral coñecemento e efectos, e comunicar individualmente o cambio de data aos aspirantes admitidos.”

Examinada así mesmo a documentación que o acompaña,

Decreto.- Vista a proposta apróboala nos seus propios termos.

Así o manda e asina a concelleira delegada titular da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi mediante delegación conferida por resolución da Alcaldía-Presidencia de data 08/07/2019 na Casa do Concello de Ferrol o día que figura na sinatura dixital

Dou fe,
O secretario xeral